

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).

As axudas desta convocatoria teñen como obxectivo o desenvolvemento de enerxías renovables, concretamente o autoconsumo e o almacenamento eléctrico no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector. Esta convocatoria ten o seu encaixe no programa de incentivos vencellados ao autoconsumo e o almacenamento, con fontes de enerxía renovable, aprobado polo Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, co obxecto de establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas, no marco dos obxectivos perseguidos polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia e polo Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030. Concretamente, estas axudas encaixan nos programas 4 e 5 deste real decreto.

A incorporación do autoconsumo con fontes de enerxía renovable nos sectores produtivos xunto co seu impulso en edificios públicos e no sector residencial, suporá unha contribución significativa para alcanzar os obxectivos das enerxías renovables, optimizando a súa xestión e evitando ineficiencias do sistema, ao unir produción e demanda. Desta forma contribúese a cumprir os obxectivos fixados na Directiva (UE) 2018/2011, na Estratexia de almacenamento enerxético, no PNIEC e tamén a poñer en práctica a Estratexia de descarbonización a longo prazo para mobilizar investimentos na implantación de tecnoloxías limpas, baseadas en fontes renovables.

Por iso, o Inega desenvolve este sistema de subvencións co obxectivo de fomentar a utilización de fontes de enerxía renovables, xa que estas iniciativas están aliñadas con diferentes programas que desenvolve a Xunta de Galicia, xa que se considera que a utilización da enerxía fotovoltaica e o seu almacenamento eléctrico contribuirán á descarbonización do sistema eléctrico. Tal e como recolle a Directiva 2018/2011 á hora de favorecer o desenvolvemento dun mercado de enerxía de fontes renovables, hai que tomar en consideración as repercusións positivas sobre o potencial de desenvolvemento rexional e local, as perspectivas de exportación, a cohesión social e as oportunidades de emprego, especialmente polo que se refire ás pequenas e medianas empresas e aos produtores de enerxía independentes, en particular, no que se refire aos autoconsumidores de enerxías renovables e ás comunidades de enerxías renovables. Por iso, no contexto actual e, tendo



en conta as recentes modificacións normativas que regulan as comunidades enerxéticas locais, considérase necesario fomentar este tipo de actuacións, xa que o seu potencial é importante e aínda están nunha fase inicial de desenvolvemento.

O Real decreto 477/2021 recolle a concesión directa das axudas previstas nestes programas ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, que deberán destinar o importe das axudas aos suxeitos que se enumeran no artigo 11.7 deste, que son os destinatarios últimos das axudas, sen prexuízo dos investimentos directos que se podan levar a cabo.

A entidade responsable da execución destes programas de incentivos de autoconsumo, almacenamento e usos térmicos de enerxías renovables, na Comunidade Autónoma de Galicia, será a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

O Inega constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a consellería competente en materia de enerxía, conforme o establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia (DOG núm. 61, do 30 de marzo).

Entre os obxectivos básicos do Inega están o impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia.

A teor do disposto no artigo 8 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, a axencia ten as seguintes funcións:

- a) Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- b) Promover e, se for o caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- c) Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión de políticas enerxéticas.
- d) Elaborar programas de racionalización do uso de enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.



O Inega, para financiar esta convocatoria de axudas, dispón nos seus orzamentos 11.499.677,00 €, procedentes dos programas de incentivos de autoconsumo, almacenamento, promovidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Os programas de incentivos 4 e 5 están dirixidos principalmente aos destinatarios últimos que non realicen actividade económica, aínda que se inclúen entre os potenciais beneficiarios, as persoas físicas que realicen algunha actividade económica, pola que se ofrecen bens ou servizos no mercado (autónomos), en cuxo caso estarán sometidas aos requisitos e límites establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

As bases reguladoras dos programas de incentivos establecen que a coordinación e seguimento será realizado polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

O Inega considera conveniente atribuír a colaboración, no seguimento da xestión das axudas relativas aos programas de incentivos 4 e 5 ás entidades colaboradoras que reúnan os requisitos establecidos no artigo 6.1 desta convocatoria, cando o solicitante sexa unha persoa física que non realice actividade económica ou unha comunidade de propietarios.

A presente resolución, que aproba a convocatoria para os anos 2021-2023 do procedemento de concesión de axudas ao desenvolvemento de enerxías renovables ditase conforme o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 3 das bases reguladoras.

En virtude de todo o anterior

RESOLVO:

Artigo 1. *Convocatoria*

1. A presente resolución ten por obxecto a aprobación da convocatoria de axudas correspondente ás anualidades 2021-2023 para os programas 4 e 5 de incentivos de autoconsumo e almacenamento, de acordo coas bases reguladoras previstas no Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, publicado no BOE núm. 155, do 30 de xuño (código de



procedemento IN422K-presentación de solicitudes), así como o procedemento de selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IN422J-adhesión de entidades colaboradoras que participarán na xestión).

2. Pola presente convócanse axudas para as seguintes actuacións:

Programa de incentivos 4: realización de instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable no sector residencial, Administración pública e no terceiro sector, con ou sen almacenamento.

Programa de incentivos 5: incorporación de almacenamento en instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable, xa existentes no sector residencial, Administración pública e no terceiro sector.

Tamén se consideran actuacións subvencionables, dentro dos anteriores programas de incentivos, as instalacións illadas da rede non reguladas no Real decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, realizadas nos sectores de aplicación de cada un deles.

3. Serán subvencionables os proxectos executados con posterioridade á publicación das bases reguladoras destas axudas no BOE núm. 155, do 30 de xuño de 2021; tanto as facturas como os xustificantes de pagamento deberán levar data posterior a da súa publicación.

4. As actuacións subvencionadas atenderán ao principio de «non causar dano significativo» a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) nº 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables, e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2019/2088.

5. Os requisitos das actuacións subvencionadas serán os establecidos no artigo 13 e no anexo AI.1 das bases reguladoras, no relativo aos programas 4 e 5.

Artigo 2. Réxime de concesión e normativa aplicable

1. A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción recollida no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de axuda presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nas bases reguladoras e nesta resolución de convocatoria resolveranse por orde de entrada no rexistro da solicitude e ata o esgotamento do crédito, do que se fará publicidade na aplicación informática que se utiliza na xestión das axudas.



2. As axudas obxecto desta convocatoria estarán sometidas ao disposto no Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, polo que se regula o programa de incentivos ligados ao autoconsumo e ao almacenamento, con fontes de enerxía renovable, así como á implantación de sistemas térmicos renovables e onde se establecen as bases reguladoras destas axudas (en diante, bases reguladoras).

Ademais, será de aplicación a seguinte normativa:

a) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006.

b) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

d) Lei 4/2019, do 17 de xuño, de administración dixital de Galicia.

3. Cando os destinatarios últimos destas axudas sexan persoas físicas que realicen algunha actividade económica (autónomos), pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado, estarán sometidos aos requisitos e límites establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

Artigo 3. *Beneficiarias*

1. De conformidade co disposto no artigo 11 das bases reguladoras, as destinatarias últimas das axudas, que terán a cualificación de beneficiarias para os efectos desta convocatoria, son os seguintes:

a) Persoas físicas que non realicen ningunha actividade económica pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado.

b) As entidades locais e o sector público institucional de calquera administración pública a que se refire o artigo 2.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, este último sempre que non realice ningunha actividade económica pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado.



c) As persoas xurídicas que non realicen ningunha actividade económica, pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado, incluíndo as entidades ou organizacións do terceiro sector, entendendo como entidades ou organizacións do terceiro sector as entidades ou organizacións privadas sen ánimo de lucro que non realicen ningunha actividade económica, pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado.

d) As persoas físicas que realicen algunha actividade económica, pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado, en cuxo caso haberán de estar dados de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

e) As comunidades de propietarios, reguladas pola Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, que terán que cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

f) As comunidades de enerxías renovables e as comunidades cidadás de enerxía, segundo definición da Directiva 2018/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, e da Directiva 2019/944, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2019, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se modifica a Directiva 2012/27/UE, respectivamente, así como do artigo 4 do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, cando non realicen ningunha actividade económica pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado.

2. Non serán beneficiarios destas axudas aqueles nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades sen ánimo de lucro non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Financiamento e contía máxima das axudas que se van outorgar coa convocatoria*

1. As subvencións previstas nesta convocatoria con cargo aos orzamentos do Inega e coa repartición plurianual recollida na seguinte táboa, financiaranse con fondos europeos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola



Unión Europea-NextGenerationEU. O importe total asignado a esta convocatoria ascende a 11.499.677,00 euros.

Importe 2021 (€)	Importe 2022 (€)	Importe 2023 (€)	Importe 2024 (€)	Total
910.305,00	5.930.463,00	4.193.018,10	465.890,90	11.499.677,00

O orzamento por partida e anualidade redistribuirase tendo en conta as solicitudes rexistradas conforme o establecido no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia entre as seguintes partidas: 06.A3.733A.713.0, 06.A3.733A.760.8, 06.A3.733A.770.7, 06.A3.733A.780.5 e 06.A3.733A.781.7.

2. O crédito máximo segundo a tipoloxía de programa e compoñente será o seguinte:

Programa de actuación	Compoñente	
Programa de incentivos 4 Autoconsumo	Compoñente 7	10.413.342,00
	Compoñente 8	802.251,00
Programa de incentivos 5 Almacenamento	Compoñente 8	284.084,00

Estrutura por tipo de beneficiario dentro do programa 4

	Tipoloxía de beneficiario	Orzamento total	Compoñente	Orzamento por compoñente	Orzamento total
Programa de incentivos 4:	Persoas físicas e comunidades segundo o establecido nos artigos 11.7.a) e e) do Real decreto 477/2021	7.500.000	Compoñente 7	6.963.525,25	11.215.593,00
			Compoñente 8	536.474,75	
	Autónomos e terceiro sector segundo o establecido nos artigos 11.7.c), d) e f)	1.000.000	Compoñente 7	928.470,03	
			Compoñente 8	71.529,97	
	Administración pública segundo o establecido no artigo 17.b)	2.715.593	Compoñente 7	2.521.346,72	
			Compoñente 8	194.246,28	

Esta repartición orzamentaria non poderá modificarse entre programas nin entre as categorías de autoconsumo renovable ou almacenamento, sen prexuízo das ampliacións do



orçamento que poderían acordarse para cada programa ou categoría, segundo o disposto no artigo 10.10 das bases reguladoras.

Non obstante, dentro de cada programa, poderán ser redistribuídos os orzamentos entre as tipoloxías de beneficiarios (recollidas nas táboas anteriores) pasados tres meses desde a apertura do prazo de solicitudes para adaptarse á evolución da axuda solicitada en cada unha das epígrafes.

Durante os dous meses seguintes á finalización da vixencia da convocatoria, poderá redistribuírse o orzamento nos termos recollidos no artigo 10.12 das bases reguladoras, polo que poderán tamén incorporarse, se é o caso, os remanentes correspondentes ao orzamento que non se tivese podido destinar ao financiamento de investimentos directos pola Comunidade Autónoma.

3. O importe dos fondos previstos entenderase máximo, ben que cabería a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo coa orde de prelación das solicitudes que resulte da aplicación dos criterios fixados nas bases que rexen a convocatoria.

De producirse a ampliación de crédito publicarase no DOG e na páxina web do Inega (www.inega.gal).

4. A concesión das axudas estará supeditada ao efectivo financiamento por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica o Reto Demográfico no marco dos programas de incentivos vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector.

5. Os custos subvencionables máximos, custos de referencia e contía das axudas para cada unha das actuacións veñen establecidos no anexo III do Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, polo que regula o Programa de incentivos ligados ao autoconsumo e ao almacenamento con fontes de enerxías renovables, publicado no BOE núm. 155, do 30 de xuño de 2021.

6. Os custos elixibles relaciónanse no anexo AI.2 do devandito Real decreto 477/2021, do 29 de xuño.



Artigo 5. Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes serán presentadas directamente polo solicitante, salvo cando este sexa unha persoa física que non realice actividade económica ou unha comunidade de propietarios, que o fará a través dunha entidade colaboradora.

Artigo 6. Procedemento de adhesión de entidades colaboradoras que participen na xestión dos Programa de incentivos estatais 4 e 5 (código de procedemento IN422J)**1. Requisitos, condicións e solvencia.****a) Poderán ser entidades colaboradoras:**

1. Poderán ser entidades colaboradoras as entidades privadas con personalidade xurídica, validamente constituídas, así como os empresarios individuais, sempre que, en ambos os dous casos, teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e que acrediten as condicións de eficacia e solvencia técnica e económica que se establecen neste artigo.

2. Será necesario que as entidades colaboradoras, sexan persoas físicas ou xurídicas, teñan presentado unha declaración responsable como empresa instaladora de baixa tensión e que figure inscrita no Rexistro Integrado Industrial do ministerio competente en materia de enerxía.

b) As entidades colaboradoras actuarán en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, colaborando na xestión de esta e sen que isto implique a entrega e distribución dos fondos públicos as persoas beneficiarias, que recibirán o importe da axuda directamente do Inega.

c) Na súa relación co Inega, as entidades colaboradoras realizarán as seguintes funcións:

1º. Realización ante o Inega dos trámites para solicitar a axuda.

2º. Desenvolvemento das accións vinculadas á convocatoria.

3º. Xustificación da axuda ante o Inega.



d) Para lograr a solvencia técnica e económica, as entidades colaboradoras deberán dispor dos medios tecnolóxicos precisos que garantan o acceso á aplicación informática habilitada para a xestión de selección de entidades colaboradoras e para a tramitación das solicitudes de axuda, así como, a utilización de medios electrónicos nas comunicacións entre as entidades colaboradoras e o Inega. As características técnicas exhibibles poderán consultarse na páxina web do Inega (www.inega.gal).

e) Poderán adquirir a condición de entidade colaboradora aquelas entidades que reúnan os requisitos establecidos neste artigo e que o soliciten no prazo que se indica no número 3 deste artigo.

f) De conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades colaboradoras deberán formalizar o convenio de colaboración entre elas e o Inega, no que se regularán as condicións e obrigas asumidas por aquelas, cuxo modelo figura no anexo II desta convocatoria. O dito convenio posuirá o contido mínimo previsto no artigo 13 da Lei de subvencións.

g) Non poderán obter a condición de entidade colaboradora aquelas, nas que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Formularios.

Apróbanse e incorpóranse o seguinte formulario e modelo de convenio de colaboración como anexos á presente convocatoria:

- Anexo I. Solicitud de adhesión de entidades colaboradoras.
- Anexo II. Convenio de colaboración a subscribir cas entidades colaboradoras.

3. Prazo para presentar as solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará o día hábil seguinte ao da publicación no DOG da presente convocatoria e finalizará cando remate a vixencia dos programas de incentivos ligados ao autoconsumo e ao almacenamento, con fontes de enerxías renovables en Galicia, o cal sucederá, segundo o recollido no artigo 4 do Real decreto 477/2021, o 31 de decembro de 2023.



Para solicitar a súa adhesión, terán que cubrir e presentar o formulario de adhesión (anexo I).

4. Obrigas e compromisos das entidades colaboradoras.

a) Son obrigas das entidades colaboradoras, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

1º. Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.

2º. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

3º. Cumprir cos criterios establecidos no convenio suscrito co Inega.

4º. Actuar en nome e por conta do Inega para todos os efectos relacionados coa subvención, colaborando na xestión das subvencións sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos.

5º. De acordo co establecido no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) nº 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece Mecanismo de recuperación e resiliencia, conservar a documentación xustificativa durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do dito pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

6º. Remitir copia dixitalizada da dita documentación ao Inega.

7º. Deixar clara constancia nos seus rexistros contable e así facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecida, de acordo co disposto no artigo 13.2.j) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) As entidades colaboradoras adheridas asumirán os seguintes compromisos:

1º. Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda (anexo III) a través da aplicación informática que se habilite para o efecto.



2º. Vender, xestionar ou instalar no marco da iniciativa só os equipos que cumpran coas condicións establecidas na convocatoria de axudas.

3º. Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento da convocatoria, en concreto no caso de que proceda a autorización ou inscrición da instalación no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria.

4º. Exhibir, nos seus centros de traballo ou punto de vendas durante a vixencia do programas estatais de incentivos vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, ás administracións públicas e ao terceiro sector, un cartel de promoción deste no que se informe de que se trata dunha entidade colaboradora adherida conforme o modelo que se porá á disposición na páxina web do Inega.

5º. Facilitarlle ao Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.

6º Comunicar calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.

5. Adhesión das entidades colaboradoras.

a) A primeira vez que a entidade colaboradora acceda a aplicación asignarase un usuario e un contrasinal. Este usuario e contrasinal serán os válidos para consultar o estado da solicitude de adhesión, para cubrir as solicitudes de axuda e para ver o seu estado.

b) A entidade colaboradora deberá acceder a aplicación informática dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>) ou accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) para encher a Solicitude de adhesión (anexo I) e o Convenio de colaboración (anexo II), a continuación, xerarase un documento en formato pdf con estes dous anexos –o segundo por duplicado–.

Unha vez xerada a solicitude normalizada (anexo I), deberá presentala por vía electrónica de conformidade ao establecido nestas bases. As copias dos documentos dixitalizados gozarán da mesma validez e eficacia que os orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa



presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

A publicación dos formularios de solicitude no DOG farase unicamente para os efectos informativos.

c) As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

1º. Documento acreditativo de poder suficiente do representante legal da entidade.

2º. Convenio de colaboración debidamente asinado pola entidade colaboradora (anexo II).

Unha vez asinado polo Inega, a entidade colaboradora poderá acceder ao citado convenio no taboleiro.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

d) A documentación complementaria deberase presentar electronicamente.

Se a entidade interesada presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola entidade interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.



Sempre que se realice a presentación de documentación separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que haxa que presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos (10 MB) ou tivese un formato non admitido, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior.

e) Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

1º. NIF da entidade solicitante.

2º. DNI/NIE da persoa solicitante.

3º. DNI/NIE da persoa representante.

4º. Certificado de estar ao día no pagamento coa AEAT.

5º. Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

6º. Certificado de estar ao día no pagamento coa Facenda autonómica.

7º. Certificación de alta no imposto de actividades económicas, cando a entidade colaboradora sexa unha empresa.

2. No caso de que a persoa interesada se opoña a esa consulta, deberá indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



f) Todos os trámites administrativos que as entidades colaboradoras deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación informática habilitada para estas axudas, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal).

6. Órganos competentes.

A Xerencia do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de adhesión das entidades colaboradoras, e corresponderá á directora do Inega ditar as diferentes resolucións que deriven do dito procedemento.

7. Instrución do procedemento de adhesión.

a) Unha vez presentada a solicitude de adhesión xunto coa documentación complementaria, o órgano instrutor comprobará que reúne todos os requisitos e que se achegan todos os documentos exixidos polas bases reguladoras. De conformidade coa normativa reguladora do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirirase a entidade colaboradora, para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición e archivarase o expediente.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT); Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS); consellería competente en materia de economía e facenda, rexistro mercantil e outros rexistros públicos.

b) De conformidade co establecido no artigo 5.1.d) desta convocatoria en canto á solvencia técnica das entidades colaboradoras, utilizaranse medios electrónicos para as notificacións.

8. Resolución.

O prazo máximo para que a directora do Inega resolva sobre as adhesións das entidades colaboradoras é de 20 días hábiles desde a presentación da solicitude. Pasado o devandito prazo, as entidades colaboradoras poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. A resolución ditarase individualmente para cada unha das solicitudes, e notificarase seguindo estritamente a súa orde de presentación, salvo que se deba emendar, momento en que se terá en conta a data de presentación da emenda.



Aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán adheridos a este programa.

9. Publicación da listaxe de entidades colaboradoras adheridas.

O Inega publicará na súa páxina web a listaxe de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas para tramitar o Programa de incentivos 4 e 5, a medida que resolva o proceso de adhesión.

Artigo 7. Forma e prazo de presentación das solicitudes (código de procedemento IN422K)

1. As entidades colaboradoras subscribirán directamente, se se tramita a axuda a través destas, ou directamente polos interesados ou persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito, nos casos en que se permita a presentación directa de solicitudes. Unha vez presentada unha solicitude, non se poderá modificar o proxecto ata que recaia resolución de concesión.

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas do día 13 de decembro de 2021 e rematará o 31 de decembro de 2023.

3. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega, www.inega.gal, de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Para o acceso á aplicación de presentación das solicitudes, será necesario o número do NIF e o contrasinal determinado polas persoas interesadas ou, se é o caso, polas entidades colaboradoras.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades interesadas presenta a solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

A aplicación solicitará a inclusión da documentación necesaria e xerará a solicitude do beneficiario por duplicado.



4. A solicitude (anexo III) imprímese obrigatoriamente desde a aplicación informática.

O solicitante ou a entidade colaboradora presentará telematicamente desde a aplicación a Solicitude de axuda, unha vez asinada polo solicitante ou representante, mediante o formulario normalizado accesible desde a citada aplicación informática e que se xunta como anexo III.

5. Para poder presentar unha solicitude debe ter o seguinte contido mínimo:

a) Solicitude de axuda, anexo III.

b) Autorización para a representación, anexo IV, en caso de ser necesario.

c) Presentación dunha oferta dun provedor cando o investimento sen IVE da actuación que se subvenciona sexa inferior a 15.000 € e cando o investimento sen IVE da actuación que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario igual ou superior a 15.000 € achenarse tres ofertas de distintos provedores.

No caso de destinatarios últimos suxeitos a normativa de contratación pública, esta documentación poderá substituírse polo borrador dos pregos de licitación correspondentes.

6. Os fondos solicitados e os validados poderán visualizarse en todo momento a través da aplicación informática. Unha vez presentada unha solicitude, a aplicación informática descontará a contía de axuda correspondente ao expediente dos fondos dispoñibles, polo tanto, a axuda máxima que se vai conceder ao expediente estará limitada pola axuda indicada na solicitude inicial.

De chegarse a esgotar os fondos dispoñibles, as seguintes solicitudes presentadas incluíranse nunha listaxe de espera; no momento da presentación, a aplicación informática informará da posición que ocupa a solicitude na listaxe de espera.

As inadmisións, desistimentos, denegacións, renuncias e minoracións de solicitudes con fondos asignados liberarán fondos que poderán ser reasignados aos expedientes que se atopen en listaxe de espera segundo a orde de prelación que lle corresponda.

7. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.



Artigo 8. Documentación complementaria (código de procedemento IN422K)

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Oferta do provedor da actuación que se pretende levar a cabo.

Unha oferta dun provedor cando o investimento sen IVE da actuación que se subvenciona sexa inferior a 15.000 € e, tres ofertas de distintos provedores cando o investimento sen IVE da actuación supoña un gasto para o beneficiario igual ou superior 15.000 € (salvo no caso de entidades xurídicas públicas).

No caso de destinatarios últimos suxeitos a normativa de contratación pública, esta documentación poderá substituírse polo borrador dos pregos de licitación correspondentes.

A elección dunha das ofertas fundamentarase sempre en criterios de aforro. Ademais, será necesario achegar como xustificación unha memoria, cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa, que terá que incluír unha comparación das especificacións técnicas dos elementos ofertados e o motivo da elección.

Non será necesario presentar as 3 ofertas se polas especiais características dos gastos que se subvencionan non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, debendo o beneficiario neste suposto prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

As ofertas deberán conter, como mínimo, os datos identificativos do emisor e do destinatario (razón social, enderezo e número ou código de identificación fiscal), a data de emisión do documento, o importe por concepto (especificando se inclúe ou non IVE) e a descrición técnica dos elementos ofertados.

No caso de destinatarios últimos suxeitos a normativa de contratación pública, esta documentación poderá substituírse polo borrador dos pregos de licitación correspondentes.

b) As persoas físicas, xunto coa solicitude, presentarán a documentación prevista no punto a) deste artigo e documento que acredite a representación –segundo o modelo anexo IV– no caso de ser necesario.



c) As entidades xurídicas públicas, ademais da documentación sinalada no punto a) anterior, deberán achegar:

1º. Acreditación do nomeamento do representante da entidade solicitante.

2º. Declaración responsable onde se acredite a súa adscrición, especificando se si refire á Administración xeral do Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia ou a unha entidade local e onde declare se desenvolve ou non actividade comercial ou mercantil.

3º. Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases, se procede.

4º. No caso da Administración local certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas. Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

d) As entidades sen ánimo de lucro, xunto coa solicitude presentarán a documentación prevista no punto a) deste artigo e, ademais, deberán achegar a documentación que acredite a representación correspondente.

e) As comunidades de enerxías renovables e as comunidades cidadáns de enerxía, xunto coa solicitude presentarán a documentación prevista no punto a) deste artigo e ademais deberán achegar:

1º. Documento que acredite a representación con que se actúa.

2º. Documento que acredite a súa constitución.

f) Cando se trate dunha agrupación de persoas físicas privadas sen personalidade xurídica, xunto coa solicitude, presentarán a documentación prevista na letra a) deste artigo e ademais deberán achegar:

1º. Documento que acredite a representación con que se actúa.

2º. Documento que acredite a súa constitución.

3º. Cando se trate dunha comunidade de veciños, achegarase o acordo adoptado pola maioría legalmente establecida pola correspondente comunidade de propietarios, acep-



tando as bases da convocatoria, comprometéndose á execución das respectivas obras e facultando ao presidente ou administrador de predios para formular a solicitude de subvención. Deberán constar os compromisos asumidos por cada membro, así como o importe da subvención que se vaia aplicar a cada un deles.

g) Achegarase unha memoria técnica descritiva da actuación que se vaia acometer segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.gal) para cada tipoloxía de proxecto. Esta memoria técnica incluírá a información relacionada no anexo AII.A2. das bases reguladoras, incluíndo para instalacións de máis de 100 kW a información requirida no anexo AII.A1.e) (Plan estratéxico no que indique a orixe e lugar de fabricación dos compoñentes, xustificación do principio de non causar dano significativo, acreditación do cumprimento de valorización do 70 % dos residuos de construción e demolición xerados pola obra civil). Para a comprobación dos datos da instalación renovable existente, presentárase nesta memoria o xustificante de solicitude de rexistro da instalación no Rexistro de instalacións eléctricas de baixa tensión (código de procedemento IN614C) ou no Rexistro de instalacións eléctricas de alta tensión, (dependendo do regulamento que lle sexa de aplicación). Os destinatarios do programa 4 presentarán unha declaración responsable asinada polo técnico competente ou empresa instaladora, que estime que o consumo anual de enerxía sexa igual ou maior ao 80 % da enerxía anual xerada pola instalación segundo o establecido no anexo AII.A2.c).

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentación separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos (10 MB) ou tivese un formato non admitido, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior.

5. Os interesados poderán consultar na aplicación informática e na carpeta cidadá-A miña Sede, accesibles desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) o estado das súas solicitudes a medida que avanza a tramitación administrativa do expediente e a documentación presentada.

Artigo 9. *Comprobación de los datos (código de procedemento IN422K)*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Certificacións de estar ao día no pagamento coa AEAT, a Seguridade Social e Facenda da Xunta de Galicia.
- b) DNI/NIE da persoa solicitante.
- c) NIF da entidade solicitante.
- d) Consulta dos administradores da sociedade.
- e) NIF da entidade representante.
- f) DNI/NIE da persoa representante.



g) Certificado de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores ou certificado de situación censual, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, cando se trate de profesionais autónomos.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no modelo de solicitude (anexo III) e achegar os documentos correspondentes.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. Tramites administrativos posteriores á presentación de solicitude (código de procedemento IN422K)

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación informática habilitada para estas axudas, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal).

Artigo 11. Órganos competentes

A xerencia do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de concesión das subvencións e corresponde á persoa titular da Dirección do Inega ditar as diferentes resolucións que se deriven do dito procedemento.

Artigo 12. Instrución do procedemento de concesión das axudas

1. A solicitude de axuda con reserva de fondos será avaliada polos servizos do órgano instrutor do Inega en función dos datos relativos ao solicitante e ao proxecto declarados na solicitude de axuda e na documentación complementaria presentada. De ser o caso, tamén poderán ser avaliadas as solicitudes de axudas que figuren nos postos de máis prelación da listaxe de espera, sen que tal avaliación supoña garantía de que os expedientes se cheguen a subvencionar ata que, eventualmente, recaia resolución expresa de concesión de axuda.



Se a solicitude non reúne algunha da documentación ou información previstas nas bases, requirirase ao interesado ou, se é o caso, á entidade colaboradora, para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos; coa advertencia expresa de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido na súa petición e se archivará o expediente.

Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta efectuada a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), consellería competente en materia de economía e facenda e da verificación do DNI/NIE.

2. Poderá requirirse ao interesado para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

3. Tras o informe dos servizos técnico e xurídico, as solicitudes que presenten elementos de controversia serán avaliadas por un comité de avaliación formado pola persoa titular do Departamento de Enerxía, a persoa titular do Área de Renovables e un técnico do Inega. O comité de avaliación elaborará unha proposta na que figuren os criterios consensuados durante a tramitación dos expedientes e de xeito individualizado os primeiros solicitantes propostos para obter subvención, así como o importe da subvención para cada un deles.

Artigo 13. *Resolución (código de procedemento IN422K)*

1. Unha vez avaliada a solicitude, a proposta de resolución elevarase á directora do Inega. O procedemento de concesión resolverase no prazo máximo de 6 meses desde a data de presentación da solicitude ou, se é o caso, da súa emenda e axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o contido da resolución.

Se transcorrese o prazo sen que recaese resolución expresa os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A resolución de concesión comprenderá a identificación do beneficiario, o investimento e o custo elixible do proxecto e a contía da subvención.

Na resolución denegatoria da axuda farase constar o motivo da denegación.



3. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, concederáse, sen necesidade dunha nova convocatoria, a subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes na orde de entrada da solicitude.

Artigo 14. *Notificación (código de procedemento IN422J e código de procedemento IN422K)*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 15. Obrigas das beneficiarias

1. Son obrigas das beneficiarias as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en particular, as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

b) Xustificar ante o Inega que cumpre cos requisitos ou condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou, excepcionalmente, o que se sinala na resolución, cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso.

c) Presentar ante o Inega directamente ou a través da entidade colaboradora seleccionada, cando proceda, as outras dúas ofertas que necesariamente teñen que acompañar a solicitude de axuda cando a actuación concreta que se subvenciona supoña un gasto sen IVE para o beneficiario igual ou superior a 15.000 €.

As ofertas presentadas teñen que ser sempre con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben. As ofertas presentadas para cada gasto non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.

d) Realizar o pagamento das facturas antes da data en que deban presentarse ante o Inega. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como se establece no artigo 20.3 desta convocatoria.

e) Cando non poida executar o proxecto deberá renunciar á subvención. A renuncia será tramitada directamente polo beneficiario ou pola entidade colaboradora, cando proceda, mediante a presentación do anexo V que se xunta a título informativo. Este anexo estará dispoñible na páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>).

f) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do dito pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 €.



g) Comunicarlle ao Inega, directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Toda referencia ás actuacións subvencionadas en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e en xeral calquera medio de difusión debe cumprir cos requisitos que figuran no Manual de Imaxe do Programa que estará dispoñible na web do IDAE. Deberá mencionarse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e o Mecanismo de recuperación e resiliencia establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, debendo exhibirse de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiamento adecuada que diga «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», xunto ao logo do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, dispoñible no link <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>. Tamén deberán constar o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e do Inega, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

j) En relación á publicidade do financiamento, o beneficiario deberá durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego, informar o público do apoio obtido colocando, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (de un tamaño mínimo A3), no que mencionará a axuda financeira nun lugar ben visible para o público. O Inega facilitará modelos aos beneficiarios a través da súa páxina web.

k) Calquera outra obriga establecida no Real decreto 477/2021, do 29 de xuño.

Artigo 16. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.



2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos recollidos no proxecto inicial, o interesado ou a entidade colaboradora, cando proceda, debe notificarlo ao órgano competente para a concesión da subvención mediante a presentación do anexo VI, acompañado de toda a documentación presentada ca solicitude que se vexa afectada.

Naqueles expedientes nos que é necesario o proxecto técnico de execución debe achegarse copia do novo orzamento asinado polo técnico redactor deste.

3. O órgano competente para a concesión da subvención poderá autorizar a modificación da resolución por instancia do beneficiario respectando os seguintes requisitos:

a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.

4. As modificacións de proxectos que non se comuniquen con anterioridade á xustificación do investimento, ou aquelas que de xeito previo non achegue a documentación necesaria para a súa valoración, tramitaranse conxuntamente coa documentación xustificativa do investimento, utilizando o requirimento de emenda de xustificación para completar o expediente. Poderán formalizarse a aceptación da modificación do proxecto e a xustificación deste mediante a Resolución de pagamento, sempre e cando a modificación do proxecto respecte os requisitos establecidos no punto 3 deste artigo e se achegue toda a documentación da solicitude modificada.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación do proxecto, que poderá ou non afectar os termos da resolución de concesión, será ditado pola directora do Inega logo da instrución do correspondente expediente no cal se lle dará audiencia aos interesados.

Artigo 17. *Aceptación e renuncia*

1. Transcorridos 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión sen que a beneficiaria e, se é o caso, a entidade colaboradora comunique expresamente a renuncia á subvención, entenderase que o solicitante acepta a subvención e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.



2. No caso de que o beneficiario dunha subvención desexa renunciar á axuda concedida para a súa solicitude, deberá comunicarllo o Inega ou, se é o caso, a través da entidade colaboradora presentando o anexo V por medios electrónicos a través da aplicación informática, comunicando este feito co fin de proceder ao arquivo do expediente.

No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución que se notificará, de conformidade co procedemento establecido no artigo 14.2 destas convocatorias.

Artigo 18. *Prazo de execución e xustificación das actuacións*

Segundo o artigo 16.8 das bases da convocatoria, o prazo máximo de execución e xustificación das actuacións será de 18 meses contados desde a data de notificación da resolución de concesión .

Este prazo poderase ampliar de conformidade ao previsto no artigo 70 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Artigo 19. *Xustificación das actuacións*

1. A documentación correspondente á xustificación do investimento realizado presentárase de forma electrónica a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal) .

2. Tal e como dispón o artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, cando o órgano administrativo competente para a comprobación das subvencións aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, porao no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez (10) días para a súa corrección. Os requirimentos de emenda serán notificados, tal e como se establece no artigo 12 desta convocatoria.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos seguintes organismos: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda, así como a verificación do DNI do solicitante (persoa física), NIF do solicitante (persoa xurídica) e NIF do representante da persoa xurídica.



3. No suposto de que transcorrese o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado ningunha documentación, requirirase igualmente o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez (10) días hábiles a presente.

A presentación da xustificación no prazo adicional de dez (10) días non eximirá das sancións que, conforme a lei, correspondan.

Artigo 20. *Documentación xustificativa do investimento*

1. Os documentos de xustificación deberán presentarse dentro do prazo establecido no artigo 18 desta convocatoria, debendo estar, nese momento, os investimentos plenamente realizados e verificables.

2. Para o cobramento polo solicitante da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar toda a documentación que se sinala neste artigo e solicitará o pagamento mediante a presentación do anexo VII, que se xunta a título informativo. Este anexo deberá cubrirse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>).

3. Documentación xustificativa que se ten que presentar xunto coa solicitude de pagamento:

a) Para xustificar cada un dos gastos realizados, achegaranse as facturas, clasificadas e asinadas polo beneficiario da axuda, nas que figurará o importe total que se vai pagar e os documentos xustificativos que aseguren a efectividade do pagamento da totalidade do equipamento polo solicitante.

A expedición das facturas e o seu contido axustarase ao disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Non se admitirán supostos de autofacturación (facturas emitidas polo propio beneficiario da subvención).

1º. En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas nos supostos recollidos nas letras a), b) e c) do artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



2º. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

– Xustificante bancario (transferencia bancaria, certificación bancaria), no que conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

– Efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio): achegarase copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pago do efecto, etc.) na que conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

No caso de que non quede acreditado o concepto do gasto, deberá achegar, ademais, recibín asinado e selado polo provedor no que se especifique o número de factura pagada, número e data do cheque e NIF e nome da persoa receptora do cobramento.

Tanto no caso do cheque nominativo como de obriga de pagamento, para efectos de data de pagamento, estimarase a data de cargo na conta do extracto bancario. En ningún caso se estimará como data de pagamento efectivo a entrega do cheque ao provedor.

Non se admitirán en ningún caso como xustificante os documentos acreditativos de pagamentos en metálico, nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou se non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

A data dos xustificantes de gasto e do pagamento debe ser posterior á data de publicación das bases reguladoras destas axudas no BOE, o 30 de xuño de 2021.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pagamento.

3º. No caso de que as persoas beneficiarias da axuda se acollan á cesión do dereito de cobramento, establecido no punto 1 do artigo 83 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerase efectivamente pagado o gasto coa cesión do dereito de cobramento da subvención a favor dos cesionarios.



4º. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificadas mediante recibo do proveedor nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

b) Relación clasificada e asinada polo beneficiario da axuda, dos pedidos e/ou contratos relativos ás actuacións realizadas, no caso de que existan, e copia destes.

c) No caso de existir contratación pública, relación certificada e copia dos contratos subscritos polo solicitante para a realización das actuacións obxecto da axuda, así como documentación xustificativa do procedemento de contratación: enderezo web do perfil do contratante, pregos, anuncios de licitación e formalización de contratos, acordos do órgano de contratación.

d) Informe xustificativo, da adecuada realización das actuacións subscrito, datado e emitido polo técnico titulado competente autor do proxecto definitivo ou, no seu defecto, o director da obra ou, se é o caso, a empresa instaladora autora de memoria técnica final da instalación executada.

Deberá incluír descrición do sistema de monitoraxe incorporado segundo o indicado no anexo AI.A1.c) das bases reguladoras:

e) Certificado final de obra subscrito polo director de obra e director de execución da obra, no caso de que sexa preceptivo.

f) Autorización de explotación ou acta de posta en servizo, cando sexa preceptiva, e Certificado de Instalación Eléctrica (CIE) de acordo co Regulamento electrónico de baixa tensión (en instalacións eléctricas de calquera tipoloxía, emitido pola empresa instaladora e dilixenciado polo órgano competente da comunidade autónoma).

g) No caso do Programa de incentivos 5, este CIE será o da instalación final, unha vez incorporado o almacenamento da instalación existente.

h) Copia do proxecto ou memoria técnica do deseño (segundo proceda, para a tipoloxía da actuación) que se achegará ao órgano competente da comunidade autónoma para a obtención da autorización de explotación ou acta de posta en servizo e/ou certificado de instalación eléctrica (CIE).

i) Para o Programa de incentivos 4, cando o solicitante inclúa a petición de axuda adicional para o desmantelamento de amianto, deberá presentar a documentación xustificativa do cumprimento de todas as obrigas establecidas na normativa de aplicación.



j) Para o Programa de incentivos 4, informe, asinado por un técnico competente ou a empresa instaladora, que xustifique a previsión de que o consumo anual de enerxía por parte do consumidor ou consumidores asociados á instalación sexa igual ou maior ao 80 % da enerxía anual xerada pola instalación obxecto da axuda.

Este informe non será necesario no caso de instalacións do sector residencial de tecnoloxía fotovoltaica de potencia igual ou inferior a 2,63 kW nin en instalacións do sector residencial de tecnoloxía eólica de potencia igual ou inferior a 3,69 kW.

Tampouco sería necesaria a presentación de informe no caso de que a instalación puidese acollerse a algún dos casos tipos que puidesen publicarse na páxina web do IDAE, en cuxo caso deberá xustificalo.

k) Acordo asinado por todos os participantes, que recolla os criterios de repartición, ben o acordo da comunidade de propietarios, ben a xustificación da súa inclusión no rexistro administrativo de autoconsumo que indique este tipo de autoconsumo, no caso de proxectos de autoconsumo colectivo ou feitos en edificios plurifamiliares.

l) Reportaxe fotográfica das actuacións realizadas, que inclúa fotografías da situación do edificio despois das actuacións, e, se é o caso, dos equipos e instalacións principais finais obxecto da axuda, e onde se amose o cartel publicitario ou sinalización da actuación e o sistema de visualización de enerxía.

m) Información é enlace ao sitio da internet do beneficiario das axudas, no caso de que dispoña dun, onde informará o público do posible apoio obtido dos Fondos Next Generation ou Plan de recuperación, transformación e resiliencia e/ou, se é o caso, do instrumento da Unión Europea que corresponda, facendo unha breve descrición da operación, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.

n) Documentación xustificativa da existencia dunha contabilidade separada ou diferenciada para todas as transaccións relacionadas (ingresos e pagamentos, incluído, se é o caso, o ingreso de axudas, pagamentos a provedores e outros). Esta obriga non se aplica para solicitantes persoas físicas.

o) Obrigatoriamente para os proxectos cun custo elixible superior a 1.000.000 € e opcionalmente para o resto, entregarse conta xustificativa con achega do informe de auditor,



segundo o previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

p) Para as actuacións que superen os 100 kW de potencia nominal, documentación actualizada que reflicte ou confirme, para a actuación finalmente levada a cabo, o solicitado no punto All.A.e) das Bases reguladoras en relación coa orixe dos compoñentes e as súas características, o impacto do proxecto e o principio de non causar dano significativo. Para as actuacións menores ou iguais a 100 kW, declaración responsable do cumprimento desta condición por parte da actuación finalmente levada a cabo.

Artigo 21. *Incumprimentos xerais do proxecto*

1. Incumprimento total.

Se se xustifican conceptos, partidas e/ou elementos subvencionables aprobados que representen menos do 60 % do importe total do investimento subvencionable, entenderase que non acadou os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, determinará a perda do dereito ao cobramento da subvención concedida.

2. Incumprimento parcial.

Se a xustificación é igual ou superior ao 60 %, pero sen acadar o 100 % do investimento subvencionable, percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificable admisible, sempre que cumpra o resto das condicións de concesión e a finalidade ou obxectivos para os que se concedeu a axuda.

Artigo 22. *Pagamento das axudas*

1. O beneficiario poderá solicitar, a través da entidade colaboradora, se se tramita a axuda a través destas, ou directamente polos interesados, un anticipo, unha vez notificada a resolución de concesión e coa data límite do 30 xuño de 2024.

2. Os interesados poderán solicitar un anticipo de ata o 50 % do importe da subvención concedida, naqueles supostos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A solicitude de anticipo será obxecto de resolución motivada polo órgano concedente da subvención.

3. A súa concesión supeditarase á constitución, con carácter previo ao pagamento, dunha garantía bancaria nos termos previstos no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



ro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que deberá cubrir o 110 % da cantidade que se vai aboar.

4. A presentación da garantía realizarase ante o órgano concédente no prazo de quince (15) días a partir da notificación da resolución de concesión. Este prazo poderá ser ampliado cando concorran circunstancias que dificulten a súa formalización.

5. A presentación da garantía terá validez ata que o Inega autorice a súa cancelación, unha vez que o beneficiario da axuda acredite a realización e pagamento dos investimentos e o cumprimento dos obxectivos e condicións estipulados na resolución de concesión da axuda.

6. Cando se prevexa a posibilidade de realizar anticipos, quedan exonerados de constituír garantía, os beneficiarios previstos no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro entre os que figuran:

a) As administracións públicas, os seus organismos vinculados ou dependentes e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal.

b) As entidades non lucrativas, así como as federacións, confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social ou cooperación internacional.

c) As entidades que por lei estean exentas de presentación de caución, finanzas ou depósitos perante as administracións públicas ou os seus organismos e entidades vinculadas ou dependentes.

d) Os beneficiarios das subvencións concedidas das cales os pagamentos non superen os 18.000 €. No caso de pagamentos anticipados e/ou pagamentos á conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagamentos realizados.

7. Os órganos competentes do Inega poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, poderase entender que renuncia á subvención.

8. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención poderá reducirse proporcionalmente se debido á redución do investimento se superan as porcentaxes máximas de subvención.



9. Previamente á proposta de pagamento, e sempre que se trate de subvencións de capital cun importe superior a 60.000 €, os servizos técnicos do Inega realizarán unha inspección de comprobación material na que certifiquen que se realizou o investimento que foi obxecto da axuda e que tal investimento coincide co previsto na resolución de concesión.

Artigo 23. Reintegro das subvencións e réxime de sancións

1. O Inega resérvase para si o dereito a realizar cantas comprobacións, inspección e demais medidas de control que se estimen oportunos para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos, e os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice o Inega para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Se no curso destas verificacións se detectase que os beneficiarios da subvencións ou as entidades colaboradoras adheridas incumpriron algunha das condicións establecidas nestas bases reguladoras, implicará a perda dos beneficios e, se é o caso o deber de reintegrar as cantidades obtidas indebidamente cos xuros que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As entidades colaboradoras e os beneficiarios das subvención, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e desenvolto no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 24. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas



a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 25. *Incompatibilidade das subvencións*

1. As subvencións concedidas ao abeiro destas convocatorias serán incompatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 16 desta convocatoria.

Artigo 26. *Publicidade*

1. O Inega publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na súa páxina web oficial (www.inega.gal) e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade. A publicidade no *Diario Oficial de Galicia* realizarase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións; non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 €, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Inega.

2. En cumprimento do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación de acordo co establecido no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas.



Artigo 27. Control e loita contra o fraude

1. De acordo co establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Inega para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (CE) nº 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece Mecanismo de recuperación e resiliencia.

2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención General de la Administración del Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada ao efecto <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

3. Se se proban indicios fundados de fraude, a Xerencia do Inega analizará a procedencia da incoación do correspondente procedemento administrativo sancionador de conformidade coa normativa aplicable en cada caso e, de ser o caso, instruirá o procedemento sancionador que corresponda, segundo a infracción administrativa na que resulten subsuñibles os feitos analizados.

Artigo 28. Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través da páxina web do Inega (www.inega.gal) e no correo electrónico inega.info@xunta.gal

Artigo 29. Réxime de recursos

Contra as resolucións ditadas ao abeiro destas bases poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que considere procedente:

1. Recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en



que, de acordo coa súa normativa específica se produzan os efectos do silencio administrativo, perante o presidente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Contra as resolucións de reintegro, recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución se esta fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo, perante a directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2021

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia



PROCEDEMENTO ADHESIÓN PARA A XESTIÓN DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE INCENTIVOS 4 e 5 VENCELLADOS AO AUTOCONSUMO E AO ALMACENAMENTO NO SECTOR RESIDENCIAL, AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E O TERCEIRO SECTOR	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IN422J	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS PARA CONTACTAR			
PERSOA DE CONTACTO			CARGO
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO MÓBIL	TELÉFONO FIXO	FAX

ÁMBITO NO QUE SE SOLICITA A CONDICIÓ DE ENTIDADE COLABORADORA
Para a xestión das axudas do Programa de incentivos 4. Realización de instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable no sector residencial, administración pública e no terceiro sector, con ou sen almacenamento <input type="checkbox"/>
Para a xestión das axudas do programa de incentivos 5. Incorporación de almacenamento en instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable, xa existentes no sector residencial, administración pública e no terceiro sector <input type="checkbox"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
1. Que coñece o contido da convocatoria destas axudas e do convenio e que cumpre cos requisitos establecidos nelas. 2. Que ten o domicilio social ou centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. 3. Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 6.1 da resolución. 4. Que consente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre a entidade colaboradora e o Inega. 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 6. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 7. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.




 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación):

8. Estar exenta do pagamento do imposto de actividades económicas, de acordo co artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como de non terme dado de baixa no citado imposto.
 SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente).
9. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
10. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
11. Que se compromete a:
- Comunicar calquera variación que poida acontecer nos datos recollidos nos documentos achegados.
 - Cubrir convenientemente os formularios de solicitude de axuda incorporando os datos á aplicación informática habilitada.
 - Vender no marco da iniciativa só os equipos que cumpran coas condicións establecidas na convocatoria de axudas.
 - Facilitarlle á Inega canta información e documentación precise para verificar a correcta aplicación das subvencións.
 - Cumprir coa normativa establecida para o desenvolvemento do programa.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
 Convenio de colaboración debidamente asinado pola entidade colaboradora (anexo II).

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documento acreditativo de poder suficiente da persoa representante legal da entidade.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se oponan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="radio"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="radio"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="radio"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Facenda Autonómica	<input type="radio"/>

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento coa AEAT	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non
Certificado de alta no imposto de actividades económicas	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de Organismo Intermedios dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión dos programas operativos, segundo o disposto nos artigos 125, punto 2, artigo 140, puntos 3 a 5, e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) n° 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos



**XUNTA
DE GALICIA**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓNANEXO I
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).


SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



Axencia Instituto Enerxético de Galicia

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II

Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a entidade colaboradora _____ para a xestión das subvencións do programa de incentivos 4. Realización de instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable no sector residencial, Administración pública e no terceiro sector, con ou sen almacenamento e 5. Incorporación de almacenamento en instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable, xa existentes no sector residencial, Administración pública e no terceiro sector, correspondentes aos programas de incentivos vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento, con fontes de enerxías renovables no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para as anualidades 2021 a 2023

Santiago de Compostela, ____ de _____ de _____

Dunha parte, a directora do Inega, en virtude das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle outorga o artigo 16 do Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (DOG núm. 212, do 8 de novembro), e polo Acordo do Consello da Xunta, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado mediante a Resolución do 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda.

Da outra parte _____, con NIF _____, actuando en nome e representación da entidade _____ con NIF/CIF _____, debidamente facultado para subscribir este convenio,

EXPOÑEN:

I. Que o Inega acordou realizar unha selección de entidades colaboradoras para a tramitación das axudas para os programas de incentivos vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento, con fontes de enerxías renovables, estas entidades colaboradoras actuarán de ligazón entre o Inega e os beneficiarios das axudas que se convoquen para a actuación 4. Realización de instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable no sector residencial, Administración pública e no terceiro sector, con ou sen almacenamento, e 5. Incorporación de almacenamento en instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable, xa existentes no sector residencial, Administración pública e no terceiro sector.



II. Que ambas as partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación de servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes estipulacións:

Primeira. Obxecto da colaboración

O obxecto deste convenio consiste en establecer un marco de colaboración entre o Inega e a entidade _____ de acordo coa Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector, para as anualidades 2021 a 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. _____, do ____ de _____ de ____).

Segunda. Entidade colaboradora

A entidade _____ é unha entidade colaboradora que cumpre co establecido no artigo 6.1 e 6.4 da convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector para as anualidades 2021 a 2023 (códigos de procedemento IN421J e IN421K) (en diante, convocatoria das axudas), que acredita o cumprimento dos requisitos para a xestión das subvencións da actuación 4. Realización de instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable no sector residencial, Administración pública e no terceiro sector, con ou sen almacenamento, e actuación 5. Incorporación de almacenamento en instalacións de autoconsumo, con fontes de enerxía renovable, xa existentes no sector residencial, Administración pública e no terceiro sector, e as condicións de solvencia económica e técnica previstas na mencionada resolución.

Terceira. Prazo de duración

Este convenio terá vixencia ata o 30 de xuño de 2026.

Cuarta. Obrigações da entidade colaboradora

A entidade colaboradora obrígase, ademais de ao establecido no artigo 6.4.a) da convocatoria das axudas, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao seguinte:

a) Asumir a tramitación e xestión ante o Inega das axudas dos beneficiarios.



b) Comprobar e certificar o cumprimento das condicións ou requisitos establecidos na convocatoria das axudas para que os solicitantes obteñan a condición de beneficiario, así como a idoneidade da documentación que se lles exige para a percepción da subvención.

c) Presentar as solicitudes das axudas dos beneficiarios e a documentación xustificativa do desenvolvemento das actuacións, tal e como se recolle na convocatoria das axudas.

d) Vender, xestionar e instalar ao solicitante da axuda, no marco da iniciativa, só os equipamentos que cumpran coas condicións establecidas na convocatoria de axudas.

e) Comunicarlle ao Inega calquera variación que se produza nos datos inicialmente indicados para adherirse a este convenio, garantindo a confidencialidade dos datos fornecidos.

f) Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección da persoa física no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, e ás normas que o desenvolvan.

g) Atoparse sometida ás actuacións de comprobación e control previstas na letra d) do artigo 12 da mencionada Lei 9/2007.

h) Atoparse ao día no pagamento das obrigacións coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.

i) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

j) Conservar a documentación xustificativa durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do dito pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

k) Exhibir, nos seus centros de traballo ou puntos de venda durante a vixencia dos programas de incentivos 4 e 5 un cartel de promoción destes en que se informe de que se trata dunha entidade colaboradora adherida conforme o modelo que se porá á disposición na páxina web do Inega.



Quinta. *Compromisos da entidade colaboradora*

Ademais dos compromisos establecidos no artigo 6.4.b) da convocatoria das axudas, a entidade colaboradora comprométese a:

– Coñecer o contido da convocatoria destas axudas e deste convenio e cumprir cos requisitos establecidos neles.

– Que posúe a solvencia técnica e económica segundo o establecido no artigo 6.1 da resolución.

– Que consente expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Inega segundo o establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

– Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Que comunicará ao Inega calquera variación que poida ocorrer nos datos recollidos nos documentos presentados.

– Que autoriza o órgano xestor para que solicite a información necesaria en relación co NIF da entidade colaboradora. De non dar a autorización para a comprobación mencionada, deberá presentar copia do NIF da entidade colaboradora (non do representante legal).

– Que autoriza o órgano xestor para que solicite a información necesaria para coñecer se o solicitante da adhesión está ao día nas súas obrigacións coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría da Seguridade Social e coa Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non dar a autorización para a comprobación mencionada anteriormente, deberá presentar certificación xustificativa de estar ao día das súas obrigacións das organismos sinalados anteriormente.

Sexta. *Obrigacións do Inega*

– Facilitar á entidade colaboradora toda a información e documentación normalizada que precise durante a tramitación da convocatoria de axudas.

– Dispoñer na páxina web do Inega (www.inega.gal) unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas ao programa.



– Manter informada en todo momento e comunicar á entidade colaboradora o estado de tramitación das axudas.

Sétima. Xustificación dos requisitos dos beneficiarios

A xustificación polos beneficiarios das condicións establecidas para o outorgamento das subvencións correspondentes realizarase no momento da solicitude.

A entidade colaboradora atópase obrigada a requirir aos beneficiarios a documentación establecida na convocatoria das axudas, así como a comprobala e a conservar a documentación xustificativa durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do dito pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

Oitava. Rexistro especial de operacións

A entidade colaboradora, para facilitar a xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas na convocatoria das axudas, levará un rexistro especial das operacións que se realicen dentro de cada convocatoria de axudas, que estará á disposición do Inega e demais órganos fiscalizadores da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado e da Comunidade Europea.

Neste rexistro gardarase unha copia da documentación xustificativa das operacións rexistradas, así como da documentación que lle entreguen os beneficiarios.

Novena. Requisitos da entidade e dos beneficiarios

Os requisitos que debe cumprir e facer cumprir a entidade colaboradora nas diferentes fases do procedemento de xestión das subvencións son os que se especifican no artigo 6.4 da convocatoria das axudas.

Décima. Xustificación das subvencións

Os beneficiarios xustificarán as subvencións nos prazos e na forma prevista nos artigos 18 e 19 da convocatoria das axudas.

Décimo primeira. Causas de resolución

Son causas de resolución deste convenio entre o Inega e a entidade colaboradora o incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas, no



articulado das bases reguladoras das axudas, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes en curso, así como a falsidade ou inexactitude nos datos e documentos presentados polas entidades colaboradoras.

Décimo segunda. *Incumprimento*

Se no curso das verificacións que realizará o Inega se detecta que a entidade colaboradora incumpre algunha das condicións establecidas na normativa de aplicación, resolverase a adhesión, o que implicará a perda dos beneficios.

Décimo terceira. *Natureza administrativa*

O presente convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se poidan presentar. Rexeráse polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveranse de común acordo, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo cuarta. *Normativa reguladora especial*

Para todo o non previsto neste convenio observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Acordo do Consello da Xunta, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; na Lei 1/2016, do 18, de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na Lei 4/2019, do 17 de xuño, de administración dixital de Galicia, así como no resto das normas xerais do procedemento administrativo.

Na medida en que as subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria están financiadas con fondos procedentes do Programa de incentivos 4 e 5, vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector, estarán sometidas ao disposto no Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para a execución de diversos programas de incentivos vencellados ao autoconsumo e o almacenamento, con fontes de enerxía



renovable, así como a implantación de sistemas térmicos renovables no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, baseado en criterios de eficiencia enerxética, sustentabilidade e impulso das enerxías renovables.

(Sinatura)

(Sinatura)

A directora do Inega
Paula María Uría Traba

Pola entidade colaboradora,
Representante legal de _____




**XUNTA
DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO III

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR RESIDENCIAL, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O TERCEIRO SECTOR	IN422K	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		TELÉFONO 1		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365 Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

ENTIDADE COLABORADORA (salvo tramitación directa)	
CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN	TELÉFONO
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA	NIF

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
NATUREZA XURÍDICA DA PERSOA SOLICITANTE	
<input type="checkbox"/> Persoa física que non realiza ningunha actividade económica pola que ofrezca bens e/ou servizos no mercado.	
<input type="checkbox"/> Entidades locais e sector público institucional de calquera Administración pública que non realice ningunha actividade económica pola que ofrezca bens e/ou servizos no mercado.	
<input type="checkbox"/> Persoas xurídicas que no realicen ningunha actividade económica pola que ofrezca bens e/ou servizos no mercado incluídas as entidades ou organizacións do terceiro sector.	
<input type="checkbox"/> Persoas físicas que realicen algunha actividade económica pola que ofrezca bens e/ou servizos no mercado e dadas de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria.	
<input type="checkbox"/> Comunidade de Propietarios regulada na Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.	
<input type="checkbox"/> Comunidades de enerxías renovables e comunidades cidadáns de enerxías (artigo 4 Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño), que non realicen ningunha actividade económica pola que ofrezcan bens e/ou servizos no mercado.	





LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN PROXECTADA				
ENDEREZO DO PROXECTO (rúa; número):				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	PARROQUIA
COORDENADAS UTM X (ETRS 89):		COORDENADAS UTM Y (ETRS 89):		REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE LOCALIZA A INSTALACIÓN:

DATOS DO PROXECTO

PROGRAMA DE INCENTIVOS	<input type="checkbox"/> PROGRAMA 4	<input type="checkbox"/> PROGRAMA 5
TÍTULO DO PROXECTO		
TECNOLOXÍA RENOVABLE EMPREGADA	<input type="checkbox"/> ENERXÍA FOTOVOLTAICA POTENCIA (kWp) <input type="text"/>	<input type="checkbox"/> ENERXÍA EÓLICA POTENCIA (kW) <input type="text"/>
TIPO DE INSTALACIÓN	<input type="checkbox"/> ILLADA DA REDE	<input type="checkbox"/> CONECTADA Á REDE
TIPO DE INSTALACIÓN	<input type="checkbox"/> SEN EXCEDENTES Á REDE	<input type="checkbox"/> CON EXCEDENTES Á REDE
SISTEMA DE INXECCIÓN CERO <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	MARCA <input type="text"/>	MODELO <input type="text"/>
ALMACENAMENTO <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	CAPACIDADE (kWh) <input type="text"/>	

ACTUACIÓNS ADICIONAIS

RETÍRASE CUBERTA DE AMIANTO?	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> RETIRADA TOTAL <input type="text"/> POTENCIA INSTALADA (Kw)	<input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> RETIRADA PARCIAL <input type="text"/> SUPERFICIE RETIRADA AMIANTO (m ²)
INSTALACIÓN SOBRE NOVA MARQUESIÑA?	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> INSTALACIÓN TOTAL <input type="text"/> POTENCIA INSTALADA (Kw)	<input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> INSTALACIÓN PARCIAL <input type="text"/> SUPERFICIE NOVA MARQUESIÑA (m ²)
DESMANTÉLANSE INSTALACIÓNS EXISTENTES?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
AUTOCONSUMO COLECTIVO?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON

BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO E OBSERVACIÓNS

Xuntarase memoria técnica segundo as bases da convocatoria

--

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS EQUIPAMENTOS PRINCIPAIS

PANEIS SOLARES FOTOVOLTAICOS						
NÚMERO DE PANEIS	MARCA	MODELO	TECNOLOXÍA	SUPERFICIE PANEIS (m ²)	POTENCIA PICO PANEL (kW)	POTENCIA PICO TOTAL (kW)
Potencia pico total (kW)						




ANEXO III
 (continuación)

INVESTIDORES				
NÚMERO DE INVESTIDORES	MARCA	MODELO	POTENCIA NOMINAL UNITARIA (kW)	POTENCIA NOMINAL TOTAL (kW)
Potencia inversores total (kW)				

AEROXERADORES				
NÚMERO AEROXERADORES	MARCA	MODELO	POTENCIA PICO AEROXERADOR (W)	POTENCIA PICO TOTAL (kW)
Potencia pico total (kW)				

ALMACENAMIENTO										
<input type="checkbox"/> BATERÍAS <input type="checkbox"/> OUTRO TIPO ALMACENAMIENTO										
NÚMERO DE UNIDADES	TIPO	MARCA	MODELO	Densidade enerxética por batería (wh/kg)	Peso batería (kg)	Tensión unitaria (voltios)	Capacidade nominal por batería C10 (Ah)	Tensión nominal do grupo de baterías (V)	Enerxía almacenada grupo de baterías (kWh)	Potencia instalada de almacenamento (kW)
Enerxía total almacenada en baterías (kWh)										

DATOS XERACIÓN/CONSUMO ANUAL

 a) Electricidade xerada ANUAL (kWh) Horas equivalentes

 b) Consumo eléctrico ANUAL (kWh)

 Potencia contratada P1 TCo2 evitadas

 Potencia contratada P2

 c) Enerxía autoconsumida anual (kWh)

 % autoconsumo (c/b)

 % excedentes (a-c)/a

 % consumo xeración (b/a)

 CUPS (identificación punto de subministración)

 Ratio (capacidade enerxía almacenada / potencia xerada)
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA DOS PANEIS

- Marquesiña
 Instalación sobre cuberta
 Instalación sobre chan
 Outros _____




**XUNTA
DE GALICIA**

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO III
(continuación)

DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO SEN IVE	€
TOTAL SEN IVE	

% IVE	
ORZAMENTO TOTAL CON IVE	

RATIO DE INVESTIMENTO (€/KWpico)	
----------------------------------	--

EMPRESA INSTALADORA ELIXIDA:	TELÉFONO:	CRITERIO DE ELECCIÓN:
------------------------------	-----------	-----------------------

ESTADO DA SOLICITUDE E CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA

ESTADO DA SOLICITUDE	
RESERVA DE FONDOS PROVISIONAL ASINADO A ESTE PROXECTO (€)	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
 Sí se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

- Se solicitou e/ou concedeu outras axudas para os investimentos correspondentes á instalación de autoconsumo existente, no Programa de incentivos 5, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

 2. Cando a persoa solicitante sexa autónoma que en relación coas axudas de *minimis*:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha axuda de *minimis*.
 Sí se solicitou e/ou concedeu axudas de *minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de *minimis* doutras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



**ANEXO III
 (continuación)**
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación):

7. Que o proxecto para o que solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Que os investimentos para os que solicita axuda non están iniciados con anterioridade a publicación das bases reguladoras das axudas no BOE núm. 155 , do 30 de xuño de 2021.
9. Que a persoa física ou entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda e comprométese á obtención de todos os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a súa execución.
10. Que a persoa ou entidade solicitantes cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica sobre requisitos de igualdade de oportunidades e non discriminación, o cumprimento das normas ambientais estatais e autonómicas e sobre desenvolvemento sustentable e a aplicación das medidas antifraudes eficaces e proporcionais no ámbito de xestión do proxecto obxecto de axuda, salvo para persoas físicas.
11. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.
12. Que a persoa solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de Xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
13. Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado que facilite unha posta de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do dito pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.
14. Que o sistema de almacenamento non está conectado á rede e non forma parte da instalación de autoconsumo.
15. Contar cunha garantía mínima de 5 anos para as instalacións de almacenamento.
16. A non existencia de máis instalacións da mesma tecnoloxía (eólica ou fotovoltaica), subvencionadas cos programas de incentivos incluídos neste real decreto, ao mesmo destinatario último da axuda, asociadas á mesma localización ou ao mesmo consumo ou consumos.
17. O cumprimento do principio de non causar dano significativo a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852, naquelas actuacións onde non se superen os 100kW de potencia.
18. Que a entidade solicitante cumprirá as normas nacionais e comunitarias sobre requisitos de igualdade, ambientais e sobre desenvolvemento sustentable.
19. Que para aqueles casos en que a contía da axuda non exceda os 10.000 euros, que se encontra ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten débedas coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Tres ofertas de distintos provedores cando o investimento sen IVE da actuación que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario igual ou superior a 15.000 €.
- Unha oferta que avale o orzamento, cando o investimento sen IVE da actuación sexa inferior a 15.000 €.
- Esta documentación poderá substituírse polo borrador dos pregos de licitación correspondentes, No caso de destinatarios últimos suxeitos á normativa de contratación pública.

OFERTAS SOLICITADAS (deben xuntarse as ofertas)

PROVEDOR	MARCA E MODELO EQUIPO PRINCIPAL	ORZAMENTO (SEN IVE)

Empresa instaladora elixida:	Teléfono:	Criterio de elección:
------------------------------	-----------	-----------------------

- Declaración expresa motivada de non presentar as tres ofertas por non existir no mercado suficiente número de entidades que o subministren o presten polas especiais características dos gastos subvencionados.
- Autorización para a representación anexo IV, no caso de ser necesaria




ANEXO III
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación):			
Documentación adicional obrigatoria para entidades xurídicas públicas:			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable onde se acredite a súa adscrición, especificando se se refire á Administración xeral do Estado, á Comunidade Autónoma de Galicia ou a unha entidade local e onde declare se desenvolve ou non actividade comercial ou mercantil.			
<input type="checkbox"/> Certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nesta convocatoria de axudas, se procede.			
<input type="checkbox"/> Certificación de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario ao que legalmente está obrigado ao Consello de Contas, no caso de administracións locais.			
Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.			
<input type="checkbox"/> Acreditación do nomeamento da persoa representante da entidade solicitante	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documento que acredite a súa constitución			
Documentación adicional obrigatoria para agrupación de persoas físicas e privadas sen personalidade, deberá achegarse a seguinte documentación:			
<input type="checkbox"/> Documentación que acredite a súa constitución.			
<input type="checkbox"/> Cando se trate dunha comunidade de veciños, acordo adoptado pola maioría legalmente establecida aceptando as bases da convocatoria, comprometéndose á execución das respectivas obras e facultando ao presidente ou administrador de predios para formular a solicitude de subvención, deberán constar os compromisos asumidos por cada membro, así como o importe da subvención que se vaia aplicar a cada un deles.			
<input type="checkbox"/> Documento que acredite a representación con que se actúa	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
Documentación adicional de carácter técnico:			
<input type="checkbox"/> Memoria técnica descritiva da actuación a acometer segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.gal) para cada tipoloxía de proxecto. Incluíndo:			
<input type="checkbox"/> Para instalacións de máis de 100 kW achegarase:			
<input type="checkbox"/> Plan estratéxico (orixe e lugar de fabricación dos compoñentes).			
<input type="checkbox"/> Xustificación do principio de non causar dano significativo.			
<input type="checkbox"/> Acreditación do cumprimento de valorización do 70 % dos residuos de construción e demolición xerados pola obra civil.			
<input type="checkbox"/> Xustificante de rexistro da instalación no Rexistro de instalacións eléctricas de baixa ou alta tensión, para instalacións fotovoltaica existente.			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable asinada pola persoa técnica competente ou empresa instaladora, que estime que o consumo anual de enerxía sexa igual ou maior ao 80 % da enerxía anual xerada pola instalación.			
<input type="checkbox"/> Outra documentación adicional que o interesado considere conveniente			
COMPROBACIÓN DE DATOS			OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.			
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social			o
Certificación de estar ao día do pagamento ca consellería de Facenda da Xunta de Galicia			o
DNI/NIE da persoa solicitante			o
Consulta dos administradores da sociedade			o
DNI/NIE da persoa representante			o
SENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS			AUTORIZO A CONSULTA
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.			
Certificado de alta no imposto de actividades económicas			o Si o Non
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT			o Si o Non
NIF da entidade solicitante			o Si o Non
NIF da entidade representante			o Si o Non
Certificado de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores ou certificado de situación censual, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, cando se trate de profesionais autónomos.			o Si o Non



ANEXO III
 (continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do ROPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de Organismo Intermedios dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, punto 2, artigo 140, puntos 3 a 5, e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, de _____ de _____ de _____



Axencia Instituto Enerxético de Galicia




ANEXO IV
DOCUMENTACIÓN DE REPRESENTACIÓN
IN422K - PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR RESIDENCIAL, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O TERCEIRO SECTOR

DATOS DA PERSOA OUTORGANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	

AUTORIZO A:

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Para que en relación ao procedemento IN422K exerza as seguintes facultades: facilitar a práctica de cantas actuacións sexan precisas para a instrución do expediente, achegar cantos datos e documentos se soliciten ou fosen de interese, recibir todo tipo de comunicacións, formular peticións e solicitudes, presentar escritos e alegacións, manifestar a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos no correspondente trámite de audiencia ou renunciar a outros dereitos, suscribir dilixencias e outros documentos que poida realizar o órgano competente e, en xeral, realizar cantas actuacións correspondan a/aos representado/s no curso do devandito procedemento.

ACEPTACIÓN DA REPRESENTACIÓN

Coa sinatura do presente escrito, a persoa representante acepta a representación conferida e responde da autenticidade da sinatura da persoa outorgante.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	A Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea na súa condición de Organismo Intermedios dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, punto 2, artigo 140, puntos 3 a 5, e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos



ANEXO IV
(continuación)

SINATURA DA PERSOA OUTORGANTE OU REPRESENTANTE		SINATURA DA PERSOA AUTORIZADA OU REPRESENTANTE	
Lugar e data			
	,	de	de



Axencia Instituto Enerxético de Galicia



ANEXO V
RENUNCIA
IN422K - PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR RESIDENCIAL, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O TERCEIRO SECTOR

ENTIDADE COLABORADORA			
CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN			TELÉFONO
DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
RECIBIDA NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN			
Pola que se concede unha subvención da convocatoria 2021 PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR RESIDENCIAL, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O TERCEIRO SECTOR cunha porcentaxe do , polo importe de euros, que tiña por obxecto o financiamento do proxecto denominado:			
<input type="text"/>			
Con número de <input type="text"/> expediente			
RENUNCIA EXPRESAMENTE Á DITA SUBVENCIÓN			

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE		SINATURA DA PERSOA COLABORADORA OU REPRESENTANTE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Lugar e data			
	,	de	de



ANEXO VI
SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO
IN422K- PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR RESIDENCIAL, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E O TERCEIRO SECTOR

TÍTULO DO PROXECTO	NUMERO DE EXPEDIENTE
--------------------	----------------------

ENTIDADE COLABORADORA	TELÉFONO
CÓDIGO ASIGNADO POLO INEGA NA ADHESIÓN	

DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

Motivo da modificación da Resolución de Concesión da subvención (sinalar o que proceda):

- Modificación da persoa titular:**
 - Documento público ou privado no que quede reflectido o traspaso de compromisos asumidos coa aceptación da subvención.
 - Documentación acreditativa da personalidade da persoa cesionaria.
- Modificación no orzamento do expediente:**²
 - Novo orzamento proposto para os gastos necesarios para a execución do proxecto.
 - Relación das tres ofertas solicitadas e elixidas.
- Modificación no financiamento do expediente:**
 - Declaración doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto.
- Outros:**

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
 que o expediente citado no encabezamento resultou beneficiario dunha axuda para un proxecto de autoconsumo e almacenamento no sector residencial, administracións públicas e o terceiro sector, convocatoria de 2021

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Naqueles expedientes nos que é necesario o proxecto técnico de execución debe achegarse copia do novo orzamento asinado pola persoa técnica redactora desta.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, de _____ de _____ de _____



Axencia Instituto Enerxético de Galicia




**SOLICITUDE DE PAGAMENTO
IN422K - PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR RESIDENCIAL, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
O TERCEIRO SECTOR**

NOME DO PROXECTO	NÚMERO DO EXPEDIENTE
------------------	----------------------

ENTIDADE COLABORADORA	
CÓDIGO ASINADO POLO INEGA NA ADHESIÓN	TÉLEFONO
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA	NIF

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

-Que a persoa física ou entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda e comprométese á obtención de todos os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a súa execución.

-Que se cumpriron as obrigas de publicidade establecidas nas bases da convocatoria.

-Ter executado as partidas e importes de proxectos indicadas na presente solicitude de pagamento.

-Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
 Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

- Se solicitou e/ou concedeu outras axudas para os investimentos correspondentes á instalación de autoconsumo existente, no Programa de incentivos 3, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

Cando a persoa solicitante sexa un autónomo que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha axuda *de minimis*.

- Si se solicitou e/ou concedeu axudas *de minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

CONTÍAS DO INVESTIMENTO:	
CONCEPTO	PREZO
Base imponible	
IVA (21 %) / IVA (10 %)	
TOTAL (base imponible + IVA)	



ANEXO VII
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Facturas, clasificadas e asinadas polo beneficiario da axuda, nas que figure o importe total que se vai pagar, e xustificantes de pagamento que aseguren a efectividade do pagamento da totalidade do equipamento polo solicitante.
- Relación clasificada e asinada polo beneficiario da axuda, dos pedidos e/ao contratos relativos ás actuacións realizadas, no caso de que existan, e copia deles.
 - Relación certificada e copia dos contratos para a realización das actuacións obxecto de axuda.
 - Documentación xustificativa do procedemento de contratación: enderezo web do perfil do contratante, pregos, anuncios de licitación e formalización de contratos, acordos do órgano de contratación.
- No caso de existir contratación pública:
 - Informe xustificativo da adecuada realización das actuacións subscrito, datado e emitido pola persoa técnica titulada competente autora do proxecto definitivo, ou director/a de obra ou empresa instaladora. Deberá incluír descrición o sistema de monitoraxe de acordo ao anexo AI.A1.c) do RD 477/2021.
 - Certificado final de obra, subscrito polo director da obra e director de execución da obra, no caso de que sexa preceptivo.
 - Autorización de explotación ou acta de posta en servizo, cando sexa preceptiva.
 - Certificado da instalación eléctrica (CIE) de acordo con Regulamento electrónico de baixa tensión, emitido pola empresa instaladora e dilixenciado polo órgano competente da comunidade autónoma. No programa 5 o CIE será o da instalación final, unha vez unha vez incorporado o almacenamento da instalación existente.
 - Copia do proxecto ou memoria técnica do deseño (segundo proceda para a tipoloxía da actuación) que se achegase ao órgano competente da comunidade autónoma para a obtención da autorización de explotación ou acta de posta en servizo e/ou Certificado de Instalación Eléctrica (CIE).
 - Para o Programa de incentivos 4, informe asinado pola persoa técnica competente ou empresa instaladora, que xustifique a previsión de que o consumo anual da enerxía por parte do consumidor ou consumidores asociados á instalación sexa igual ou maior ao 80 % da enerxía anual xerada pola instalación obxecto da axuda.
 - Para o Programa de incentivos 4, cando a persoa solicitante inclúa a petición de axuda adicional para o desmantelamento de amianto deberá presentar documentación xustificativa do cumprimento de todas as obrigas establecidas na normativa de aplicación.
 - Acordo asinado por todas as persoas participantes, que recolla os criterios de reparto, ben o acordo da comunidade de propietarios, ben a xustificación da súa inclusión no rexistro administrativo de autoconsumo que indique este tipo de autoconsumo, no caso de proxectos de autoconsumo colectivo ou feitos en edificios plurifamiliares.
 - Reportaxe fotográfica das actuacións realizadas, que inclúa fotografías da situación do edificio despois das actuacións, e, se é o caso, dos equipos e instalacións principais finais obxecto da axuda, e onde se amose o cartel publicitario ou sinalización da actuación e o sistema de visualización de enerxía.
 - Información é enlace ao sitio da internet do beneficiario das axudas, no caso de que dispoña dun, onde informará o público do posible apoio obtido dos Fondos Next Generation ou Plan de recuperación, transformación e resiliencia e/ou, se é o caso, do instrumento da Unión Europea que corresponda, facendo unha breve descrición da operación cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.
 - Documentación xustificativa da existencia dunha contabilidade separada ou diferenciada para todas as transaccións relacionadas (ingresos e pagamentos, incluído, se é o caso, o ingreso de axudas, pagamentos a provedores e outros). Esta obriga non se aplica para solicitantes persoas físicas.
 - Conta xustificativa con achega do informe de auditor, segundo o previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, para os proxectos cun custo elixible superior a 1.000.000 € e opcionalmente para o resto de proxectos.
 - Documentación actualizada que reflicte ou confirme, para a actuación finalmente levada a cabo, o solicitado no punto AI.A.e) das Bases reguladoras en relación coa orixe dos compoñentes e as súas características, o impacto do proxecto e o principio de non causar dano significativo, para as actuacións que superen os 100 kW de potencia nominal. Para as actuacións menores ou iguais a 100 kW, declaración responsable do cumprimento desta condición por parte da actuación finalmente levada a cabo.



ANEXO VII
(continuación)

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,	de		de	2021



Axencia Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: lkd3mnd8-lyn0-tkz3-oco0-zdkeqtvcbto4

